



Esta peza de danza contemporánea fala de todas aquelas pegadas que vai deixando en cada muller aquela outra que lle precedeu, unha ollada ó mundo intuitivo, feminino e salvaxe, aquilo que transita en cada muller, dende as febras máis arcanas da súa natureza. **Un relato da vida xeración tras xeración.**

Médula fai un xogo temporal entre o cotiá e o imaxinario, aquilo que está no edén das lembranzas, como capaz que ás veces se quedan cifradas en cada persoa e constitúen un sinal de identidade. Somos como aneis da madeira, onde cada historia érguese como unha árbore.

Nós, dúas mulleres de distintas xeracións, poñémonos na pel dunha e á vez de moitas mulleres, que dende o seu instinto e forza conseguen trazar un camiño na procura da súa liberdade e felicidade, asomándonos a vivencias moi duras e a outras máis doces.

Intérpretes: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Coprodución de Artestudio co CCG e AGADIC

## + expo-ART

Do 1 ao 28 de abril- Sala Exp. CCC de Arteixo  
"XVI Certame Isaac Díaz Pardo"  
Deputación da Coruña

Continuando coa tradición de potenciar a produción artística na nosa provincia e en homenaxe ao gran creador polifacético cuxo nome suxire a creatividade e a contemporaneidade de Galicia, a Deputación da Coruña convoca o **Certame "Isaac Díaz Pardo" de artes plásticas**. Algunhas das obras presentadas á edición 2019 constitúen esta mostra da que resultou gañador o artista e deseñador gráfico ferrolán **Mauro Trastoy Lindín** coa súa obra **7** elaborada a punto de cruz con lá sobre arpillera branca. Trastoy foi o elixido entre todos pola súa "calidade" resultante de "lograr renovar a tradición da pintura, reivindicando ao mesmo tempo as nosas tradicións artesanais".



### A CONCELLARÍA DE CULTURA LÉMBRALLE QUE:

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- As alarmas e os teléfonos móbiles deben estar desconectados.
- Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que:

- **En espectáculos infantís ou para todos os públicos: os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**

- **En espectáculos para adultos: só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos**, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

- Algúns dos espectáculos estarán suxeitos ao aboamento de entrada e, para o resto, deberán retirarse as correspondentes invitacións para o acceso á sala.
- Esta programación poderá sufrir variacións.

### VENDA DE ENTRADAS:

En horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito a redución deberá acreditarse documentalmente (Ordenanza fiscal nº 34)

### DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

1 h antes da función na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala  
O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.



Deputación  
DA CORUÑA

galicia Xacobeo 2021



# PrimART

CONCELLA DE  
ARTEIXO

PRIMAVERA DAS ARTES

AUDITORIO  
E SALA DE EXPOSICIÓNS  
DO CCCDEARTEIXO

marzo-abril 2020

+INFO:

CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO  
PASEO FLUVIAL, S/N, 15142  
981 641 803 / CULTURA@ARTEIXO.ORG  
WWW.ARTEIXO.ORG



V-6 de marzo-20:45 h - Público familiar

"Rodríguez, o loro de Picadillo"

Colectivo de Teatro Melandrainas- Grupo Pasapadentro



Autores: Xabier Maceiras e Queta Soto

Dirección: Marga Fernández

Elenco artístico: Nacho Rodríguez, Antía del Río, Rosalía Gómez, Ana Castiñeira, Miguel Ángel Mira, Azucena Souto, María García, Ivonne Rothelbuhleer, Isa Gómez, Joaquín Castro, Puri Soto, Juan del Río, Lydia Enguadanos, Consuelo Pérez, Toto Ruíz, Isabel Fernández, Ofelio Rodríguez, Manuel Campos, Víctor Iglesias, Roberto Mosquera, Samuel Mosquera  
Duración: 75 min.

A historia transcorre entre 1900 e 1906 no despacho de **Manuel Puga y Parga**, no Pazo de Anzobre, no entorno rural da aldea de Armentón (Arteixo). Nela dibúxanse situacións cotiáns da vida de **Picadillo** durante as súas estancias veraniegas no pazo, sobre os seus veciños e veciñas e sobre todo céntrase no loro que lle regalou unha das súas afilladas que vivía nas Américas. Chea de pinceladas dese humor tan seu, a obra achéganos a un Picadillo descoñecido, un Picadillo ao que lembrar ademais de pola súa cociña, pola súa grandeza e calidade humana.

V-13 de marzo-20:45 h - Público familiar

"As dúas Alicias"

Colectivo de Teatro Melandrainas-Grupo ES3HA2

Versión libre e actual do clásico de Lewis Carroll "**Alicia no país das maravillas**" que convida ao espectador a reflexionar sobre a realidade mergullándose no mundo do inconsciente. Trátase dunha obra chea de efectos de cor onde os personaxes conservan todo o seu encanto onírico.



Autor: Lewis Carroll

Adaptación: Paula Carballreira

Dirección: Antía del Río Fernández

Elenco: Yamila Novo, Marina Mahía, Andrés Conde, Adrián Iglesias, Neyret Novo, Darío Rodríguez, Nerea Mallo, Sara Conde, Paloma Martínez, Anaís Tarrío, Laura Rodríguez e Brais Maceiras  
Duración: 70 minutos

V-27 de marzo-20:45 h - Público adulto

"Bernarda" de Malasombra Producións



**Bernarda** é unha historia próxima, comprensible e universal. Todos temos un pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha constante universal.

Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen, e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitable. Bernarda é unha muller dura e loitadora, produto da vida que lle tocou vivir, cunha infancia dura de posguerra que a forxou nuns principios ríxidos e inamovibles. Bernarda non entende a música yeyé, nin as minisaias, nin os guateques, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa intención é moi clara: "**Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas vanse facer como se teñen que facer.**" O público presente coñecerá se chega a conseguilo ou non.

Autor e Dirección: José Prieto

Elenco: Luisa Merelas, Celia González e Esther Aja

Duración: 75 minutos

V-3 de abril-20:45 h - Todos os públicos

"Operación coroa" AC Faiscas



Autora: Marina Gutiérrez

Dirección: Xavier Ramilo

Elenco: María Dubra, Charo Dubra, Maruja Rama, M. Luisa Naya, Olga Santos, Paz Murias, Carmen Palleiro, Ofelia Castro, Lucy Regueira, Ana Traba, Mary Fervida e Maribel  
Duración: 75 minutos

**Nora e Marica** son dúas amigas que soen pasar ratos no bar "**Que cho pague Rita**", propiedade de **Rosiña**, unha muller de Camariñas que vive na vila dende hai anos. Ante a precaria situación que atravesan (son desempregadas) Marica, aproveitando unha ocasión fortuita, decide dar un golpe co que poder ir a Cuba de vacacións, desexo que leva tempo soñando facer realidade. O bar convértese na base de reclutamento dunha banda para delinquir e, entre cafés e biscoitos (que non paga ningún), desfilan os máis pintorescos personaxes.

V-20 de marzo-20:45 h - Público adulto (+13 anos)

"4º Festival de Primavera" Recital poético



Con motivo do Día Mundial da Poesía, o escritor **Alfredo Ferreiro Salgueiro** organiza e presenta un "Recital de primavera" no que participarán poetas e xoves intérpretes musicais pertencentes á Escola Municipal de Música de Arteixo.

V-17 de abril-20:45 h - Todos os públicos

"Las Antonias" III Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade "ELLAS SON ARTISTAS"



Intérpretes: Ana Le, Mamen Bazarra, Elena G.-Fresca, Sabela Caridade e Jota Romero.

Esta banda feminina nace na Coruña en 2015 da necesidade de devolverlles ás cancións de toda a vida, o empoderamento que as mulleres se merecen. Destripan boleros, tangos e outras delicias fundindo as súas voces entre guitarra, melodías e un fagot. Introdúcennos con histriónico pracer no seu mundo Antofañil para facernos sentir e saber que todos somos Antonias e Antonios.

As Antonias é grupo conformado por **Antonia Le** (Ana Le), **Antonia Colores** (Mamen Bazarra), e **Antonia Pentagramas** (Elena García-Fresca). Nos últimos meses incorporaron membros novos para ofertar así unha formación máis completa, incluíndo a **Antonia á Feira** (Sabela Caridade) á percusión e a **San Antonio** (Jota Romero) ao Ukelele baixo. Ao berro de "**Todos somos Antonias!**" inclúen a participación de homes e mulleres no seu espectáculo. O seu primeiro traballo **Boleros** e outras delicias faranche pasar momentos inesquecibles.